

Colección: Fondo: Valentín Paz-Andrade no seu arquivo persoal

**Ficha documental da epistola de Virxinia Pereira Renda, a Valentín Paz-Andrade do
15/09/1961**

Colección:

Data: 15/09/1961

De:

Virxinia Pereira Renda;

Para:

Valentín Paz-Andrade;

Orixe:

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

Destino:

Vigo (municipal), Vigo (comarcal), Pontevedra (provincial)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada]

Localización física:Arquivo Valentín Paz-Andrade

Temáticas:

Epistolario entre Paz Andrade e Virxinia Pereira;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcripción da epistola de Virxinia Pereira Renda, a Valentín Paz-Andrade do 15/09/1961

Bs. As. 15-09-1961.

Meu querido amigo Valentín:

Moitas gracias ante todo, por sere vostede o primeiro que me pasou a noticia de haberse representado na nosa querida Galiza a obra de “Os vellos non deben namorarse” aínda que, despois, chegaronme varais cartas confirmando, e coincidindo n-un todo, co seu modo de ver e interpretar a obra. A min, nada se me consultou, porque de habelo feito farialles saber, que, si o propio Castelao contando con persoal axeitado e dirixido por el mesmo, non quedara de todo satisfeito por falla de outros elementos tal como esceario xiratorio etc., paréceme que o aviso sería de abondo, para que o pesnaran mellor denantes de presentala ao noso público, sin contar con todo o necesario que a obra en si requería. As caretas, que era o primordial da obra. Pero como non se consola o que non quer, diremos que a cousa quedou un pouco compensada si se ten en conta que se dou a coñecer na propia TERRA, onde, pese a todo e a todos, o nome do noso Castelao como vostede dice moi ben, sigue movendo moitedumes, e a súa gloria mantense firme e lumiosa. Gracias pois amigo Valentín, pol-o seu intres en darme de inmediato tan grata noticia. Felicito a Pilar e a vostede, por o maravilloso viaxe que estiveron a facer porque certamente non foi eisí como ir ao FERROL poño por caso. Moitas serían as cousas que trouxeron pra contar, e será interesante que o próximo viaxe poidan facelo a lua...

Sobor das pesetas de que lle falei, espero que aproveitará a mellor oportunidade pra facermos chegar. Anticipadas gracias. A carta de que lle falei notando a sua ausencia na data do 7 de xaneiro, non dubido de que non se esquenceron, e debeuse a que por aquel entonces, tivemos unha folga de carteiros extraviándose moita correspondencia.

Suspendo, porque veñen a buscarme pra un cumpleaños ao que non pode deixar de asistir.

Reciban os tres a miña lembranza garimosa con unha aperta de esta lonxana amiga.

Virxinia

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.